

Chegou o cambio: como está cambiando o Presidente Obama a política interna dos EEUU

Alan Arwine

Introdución

Chegou o cambio. A elección de Barack Obama como 44º Presidente dos EE.UU deu paso a un enorme volume de cambios, tanto substantivos como de estilo. O Presidente Obama esforzase por demostrar non só que a súa administración e a do Presidente George W. Bush son diferentes, senón que tamén aspira a reescribir o contrato entre os cidadáns e o Goberno, obxectivo ambicioso que logo, máis adiante, retomaremos.

Abonda con considerarmos as súas respectivas eleccións e tomas de posesión para ver o nidio contraste entre o Presidente George W. Bush e o Presidente Obama. A elección do presidente Bush foi moi polémica porque dependeu dos votos emitidos nun estado cuxo gobernador era o irmán do presidente e o xefe da campaña presidencial era o encargado de contar os votos. A loita estivo tan igualada en Florida, que este estado decidiu recontar os votos nalgúns condados. Cando o reconto foi indicando que o Gobernador George W. Bush estaba perdendo a súa mínima maioría, o Tribunal Supremo dos Estados Unidos ordenou suspender o cómputo dos votos, o que en esencia foi declarar a George W. Bush gañador da presidencia. Tódolos cómputos que logo fixeran organizacións xornalísticas e grupos independentes pro dereitos dos votantes chegaron á conclusión de que, si se tivera contado a totalidade dos votos da Florida, George. W. Bush houbera perdido a elección.

Moitos cidadáns que tiveron a percepción de que fora roubada a presidencia non tiveron motivo ningún para celebrar a toma de posesión de George W. Bush en xaneiro de 2001. Decenas de milleiros de cidadáns acudiron ao desfile inaugural non para vitorear ao novo presidente, senón máis ben para protestar por ter sido elixido, e levaban pancartas denunciando que Bush tiña roubado a elección. Foran tantos os que protestaban ao longo da ruta do desfile exhibindo pancartas, cantando o seu desencanto e tirándolle ovos á limusine do novo presidente, que este, faltando á tradición, non fixo a pé parte do percorrido.

A elección e toma de posesión de Barack Obama non podía ter sido máis diferente. Os resultados electorais non permitían dúbida: Barack Obama obtivo unha considerable maioría de votos. Por todo o país xurdiron celebracións espontáneas na noite electoral, celebracións que continuaron durante dous meses. A toma de posesión do Presidente Obama nun frío día de xaneiro fixo concorrer á capital da nación as

maiores moitedumes que se teñan visto. Todos desexaban ser testemuñas do momento histórico e celebrar a inauguración dun presidente que se comprometera a cambiar o país, a afastarse das divisorias políticas do Presidente Bush.

No seu discurso inaugural, o Presidente Obama repudiou as decisións da administración Bush nunha serie de temas, desde as liberdades civís á guerra contra o terror ou a política no eido da ciencia. De cote, o Presidente Obama presenta novas propostas políticas sinalando que van encamiñadas a resolver problemas que o Presidente Bush creara ou exacerbara. Mais o Presidente Obama non limita a temas políticos as comparacións entre a súa administración e a precedente. No curso da súa presidencia, por exemplo, George Bush, contrario ás unións entre persoas do mesmo sexo, non invitaba a fillos de homosexuais á tradicional busca do ovo no parque sur da Casa Branca. O Presidente Obama invitou publicamente a parellas gais e os seus fillos a asistir.

Política de saúde

Probablemente non hai eido político que mellor ilustra as diferenzas entre republicanos e demócratas que o servizo de saúde. A maioría dos estadounidenses fican abraizados ó saberen que os EE.UU son o único caso entre os países occidentais desenvolvidos que non prestan un servizo de saúde á maioría dos cidadáns, ao se considerar que o seguro de enfermidade é un beneficio privado e non un ben público. A maioría dos estadounidenses obteñen o seguro de enfermidade dos empregadores, que contratan o seguro con compañías privadas comerciais. Un crecente número de empregadores esixen que os seus empregados paguen parte das primas dos seguros de enfermidade.

Os resultados son добres: en primeiro lugar, os estadounidenses gastan máis diñeiro per capita en seguros de saúde que os cidadáns de calquera país occidental desenvolvido. En 2007, os EE.UU gastaron 2,2 billóns de dólares (1,65 billóns de euros) en servizos de saúde, que equivalen ao 16,6% do PIB ou a 7.421 dólares (5.500€) por persoa⁽¹⁾. Segundo, moitos empregadores, en particular pequenas empresas, non facilitan seguro de saúde aos seus empregados, que – se queren estar asegurados – teñen que contratalo eles mesmos. O custo medio que ten que pagar un empregador para proporcionar seguro de saúde a unha familia de catro membros é de 12.680 dólares anuais, e o empregado contribúe unha media de 3.354 dólares a ese custo⁽²⁾.

Para unha familia cuxo empregador non facilite seguro de saúde, o custo sería aínda maior, e iso no caso de que atoparan un asegurador disposto a contratar con eles. En xeral, as compañías de seguros dos EE.UU. non aceptan contratar cando un toma-

(1) “National Health Expenditures Data”, Centers for Medicare & Medicaid Services, www.cms.hhs.gov, consultado ás 10:05 horas do 16 maio 2009. Véxase tamén, *Health Care Costs: A Primer*, The Henry J. Kaiser Family Foundation, Menlo Park, California, EE.UU., 2009, p. 1.

(2) CLAXTON, Gery e outros: *Employer Health Benefits: 2008 Annual Survey*, The Henry J. Kaiser Family Foundation, Menlo Park, California, EE.UU., 2008, p. 1.

dor de seguro ten algunha afección preexistente, mesmo unha alerxia ao polen. Esas familias moitas veces non poden contratar seguro a ningún prezo. A consecuencia é que uns 47 millóns de estadounidenses non dispoñen de seguro de enfermidade. Teñen que pagar prezos altísimos polo seguro ou, cousa máis común, prescindir do seguro.

A proposta do Presidente Obama de proporcionar seguro de enfermidade a tódolos estadounidenses – o que se denomina servizo universal de saúde – é non só un cambio radical respecto do sistema actual, senón que ese cambio pode quedar máis nidiamente ilustrado facendo unha comparación entre o plan do Presidente Obama e o plan republicano máis prominente, o proposto polo Senador John McCain, o que fora candidato á presidencia polo Partido Republicano. Mesmo que os dous plans supoñen un mesmo custo de aproximadamente 1,6 billóns de dólares (1,2 billón de euros) nun período de 10 anos, diferéncianse radicalmente na súa filosofía, financiamento, cobertura e pormenores.

Como o Presidente Obama cree que o acceso ao servizo de saúde é un ben público, necesario para una sociedade civil san e para un forte crecemento económico, cree que os empregadores, os individuos e o goberno nacional comparten a responsabilidade de garantir que os cidadáns dos EE.UU. teñan acceso a un servizo de saúde de calidade. John McCain estima, pola contra, que o seguro de saúde é un beneficio individual que os individuos deberían comprar a compañías privadas.

Para acadar ese obxectivo, o Senador McCain propuña gravar fiscalmente o seguro proporcionado polo empregador como método para desalentar aos empregadores a facilitar seguros aos seus empregados. Para que a xente deixara os seguros proporcionados polos empregadores, o Senador McCain ofrecía un crédito fiscal de 2.500 dólares (1.900 €) por persoa ou de 5.000 dólares (3.800€) por familia como axuda para eles contrataren seguro de saúde, que serían pagos non á persoa ou familia, senón á compañía de seguros. A campaña do Senador McCain recoñecía que o crédito era baixo de máis para que a xente puidera tomar o seu propio seguro.

O Presidente Obama propón que os empregadores estean obrigados a proporcionar cobertura de saúde, ou a pagar un imposto que axude a financiar subsidios ás persoas cuxos empregadores non proporcionan cobertura e así poder contratar o seu propio seguro. O plan Obama inclúe unha garantía de emisión, unha garantía de renovación e un plan de custos por segmentos de idade. Isto significa que as compañías aseguradoras estarían obrigadas a expediren seguros e a renovar primas de seguros sen ter en conta a saúde do asegurado. De acordo co plan Obama, as persoas que contrataran o seu propio seguro pagarían a mesma tarifa que outros no mesmo grupo de idade no seu lugar de residencia. As persoas poderían tamén contratar seguros emitidos polo Estado similares aos que poderían contratar os membros do Congreso si quixeran facelo. Para as persoas de baixos ingresos, o Estado subvencionaría a contratación de seguros privados ou públicos. Segundo o Presidente Obama, o custo das primas sería un 30% inferior ao que hoxe teñen. Nunha ruptura coa administración Bush, que prohibía que o goberno federal negociara descontos en bloco nos prezos dos medicamentos, o plan Obama permitiría que o goberno negociara eses descontos en bloco.

Quizais a parte máis polémica de calquera plan universal de saúde sexa a de saber quen vai pagar. O Senador McCain era partidario de aplicar impostos aos seguros emitidos polos empregadores. Eses impostos, que o Senador McCain calculaba que producirían 300.000 millóns de dólares (225.000 millóns de euros) en 10 anos, serían pagados polas persoas cuxos empregadores aínda proporcionan seguro de saúde. O groso do financiamento, segundo o plan McCain, procedería de reducir os gastos do Estado na provisión de seguro de saúde aos pobres e á terceira idade (Medicaid e Medicare, respectivamente), en 1,3 billóns de dólares (1 billón de euros) en 10 anos. Medicare é un plan de seguros financiado polo Estado para persoas de 65 anos ou máis. Como os aseguradores privados, case sen excepción, eliminan a cobertura cando a persoa cumpre 65 anos, Medicare é a única opción para a maioría dos estadounidenses da terceira idade. Polo que respecta a Medicaid, o plan xa está infrafinanciado ata tal punto que moitos médicos néganse a examinar pacientes acollidos a Medicaid pretextando as baixas remuneracións que paga o goberno federal. Noutras palabras, o principal plan dos republicanos consiste en retraer fondos do seguro de saúde dos pobres e maiores, xente que non dispoñen de outras opcións de saúde, e transferir o diñeiro a aseguradoras privadas.

O Presidente Obama propón gravar aos empregadores que non proporcionan seguro aos seus empregados, un plan que, segundo cálculos, xerará 300.000 millóns de dólares (225.000 millóns de euros) nos 10 anos vindeiros. Tamén propón permitir que o 31 de decembro de 2010 expiren automaticamente as reducións fiscais concedidas ao 1% dos estadounidenses máis ricos autorizadas a través do Congreso polo Presidente Bush, e empregar ese diñeiro extra, que se estima en 1,3 billóns de dólares (1 billón de euros) en 10 anos, para financiar a maior parte do plan.

O plan do Presidente Obama permitiría que 30 millóns máis de persoas puideran contratar seguro de saúde nos primeiros tres anos, en tanto que o plan do Senador McCain implicaría que 20 millóns de traballadores perderían os seus seguros e 3 millóns o ganarían, é dicir, unha perda neta de 17 millóns de persoas.

O plan do Presidente Obama enfronta moitos posibles obstáculos, e non é o menor deles o sector industrial da saúde, que foi quen de facer fracasar o plan de saúde que propuxera o Presidente Clinton en 1993. Outros obstáculos son a carencia de médicos de coidados primarios (moitos médicos prefiren adicarse a especialidades mellor remuneradas que a medicina xeral), os republicanos que non queren modificar a situación presente, e un Congreso que tal vez non sexa partidario de elaborar, debater e aprobar esa lexislación.

Por que o Presidente Obama quer enfrontarse a intereses tan poderosos e tan enraizados? Que mudanzas quer facer no contrato entre o pobo e o goberno, e por que razón? Como se artella o seu plan de saúde nas súas grandes metas? Para comprendermos a razón de que Obama adoptara as respostas que deu a esas preguntas, compre examinar as experiencias que contribuíron a modelar a súa visión do mundo.

Influencias

O Presidente Obama, de orixe racial mixta, foi criado pola súa nai en Kansas, Hawai e Indonesia, e os contactos con seu pai, de raza negra, foron poucos. Cursou estudos primarios nunha escola predominantemente musulmana en Indonesia e, cando a súa nai faleceu, foi criado polos seus avós paternos en Hawai, onde foi alumno dunha escola secundaria prestixiosa grazas a unha beca. Esas experiencias puxérono en contacto tanto con xentes de diñeiro como con pobres nunha mestura de culturas. Mais tamén fixeron que cuestionara quen era e onde podería situarse na sociedade.

Nos seus primeiros dous anos universitarios, Barack Obama cursou estudos no Occidental College de Los Ángeles, California, un centro docente que anima a que os estudantes traballen en pro da xustiza social. Pasou logo á Universidade de Columbia, o prestixioso centro da Ivy League, nos seus dous últimos cursos, onde o mozo Obama coñeceu as vantaxes que a riqueza creaba. Foi na universidade onde Barack Obama comezou a adicarse a traballos de xustiza social. Foi tamén na universidade onde se decatou de que as palabras, as súas palabras, tiñan o poder de mellorar non só a súa vida senón tamén as vidas de outros.

Saído da universidade, Obama estivo procurando un traballo durante case dous anos, antes de acadar un posto para axudar ao desenvolvemento comunitario nun dos sectores máis pobres e máis duros de Chicago. Foi alí onde experimentou de primeira man a desilusión dos pobres e dos desfavorecidos.

Non podería ser maior o contraste entre as experiencias do Presidente Obama e as do Presidente Bush. En decembro de 2000, un mes antes de tomar posesión, o Presidente electo Bush tivo unha reunión cun grupo de dirixentes relixiosos que lle dixeron que a pobreza, e os problemas que a pobreza comporta, son problemas que tería que afrontar como presidente. Bush respondeulles que non coñecía a ningún pobre, que non tiña experiencia de tratar con xente pobre e que non sabía que problemas tiñan que afrontar. Abonda.

O Gran Plan do Presidente Obama

Chegamos así a dar resposta ás tres preguntas que temos formulado: Por que o Presidente Obama quer enfrontarse a intereses tan poderosos e tan enraizados? Que mudanzas quer facer no contrato entre o pobo e o goberno, e por que razón? Como se artella o seu plan de saúde nas súas grandes metas? As respostas son que o Presidente Obama cree que é preciso relanzar o contrato social, que ao seu ver beneficia máis aos ricos e ás empresas que aos pobres e á clase media, e que o modelo económico dos EE.UU é ambientalmente insostible. De seguido, vai unha breve explicación da maneira en que cambiou o contrato social e de como o Presidente Obama desexa “reequilibralo”.

A historia dos EE.UU desde o remate da II Guerra Mundial pódese dividir en dous períodos: desde o final da guerra ata a década de 1970, período no que se acadou

un reparto máis equitativo da riqueza, e o período desde 1979 ata hoxe, no que os ricos fixéronse máis ricos e os pobres e a clase media viron que os seus ingresos estancábanse.

A evolución da renda real familiar desde 1947 a 1979 vai desde un incremento do 99% no caso do 20% dos máis altos ingresos ata un incremento do 111% para o 20% dos ingresos medios e un 116% para o 20% de menos ingresos restante. A tendencia a que tódolos grupos de ingresos medraran máis ou menos igualitariamente nunha economía en crecemento finalizou arredor de 1979. Desde 1979 ata 2005, a renda familiar real no caso do 20% dos que menos cobran baixou un 1%, o segundo grupo de 20% acadou un 9% de incremento, en tanto que o 5% que máis gaña acadou un 81% de aumento da súa renda. A renda media do 1% que ten os maiores ingresos pasou de 400.000 dólares (300.000€) en 1979, medidos en dólares de hoxe, a 1,4 millóns de dólares (1 millón de euros aproximadamente), un incremento de 250%. Ao mesmo tempo que a renda dos estadounidenses máis ricos aumentou moito máis do que a dos fogares menos ricos, os impostos reducíronse moito máis para os ricos que para as familias relativamente pobres.

O Presidente Obama propón acabar con esa desigualdade económica e incrementar as rendas dos pobres e da clase media de tres xeitos: primeiro, o Presidente Obama propónse modificar o código fiscal de maneira que os ricos paguen impostos maiores ao tempo que se reducen os impostos dos pobres e da clase media. Segundo, como os titulados universitarios poden gañar considerablemente máis que os traballadores con menos formación, o Presidente Obama desexa facilitar aos estudantes a obtención de asistencia financeira estatal para cursar na universidade, e tamén incrementar a contía da asistencia. Terceiro, o Presidente Obama quer reformar o sistema de saúde non só para proporcionar un acceso máis universal aos servizos de saúde, senón tamén para reducir a contía das primas de seguros que consumen una proporción crecente da renda da xente.

Por último, o Presidente Obama di que, pasando ao que se chama unha “economía verde”, os Estados Unidos non só asentarán a súa economía en alicerces máis firmes senón que, ao enfrontaren os desafíos tecnolóxicos de crear una economía verde, poden contribuír a que os EE.UU sigan sendo unha forza innovadora e un achegador de tecnoloxía punta.

Reformar con éxito o contrato cos cidadáns dependerá, xa que logo, de moitos factores, como son o estilo de liderado do presidente, os temas que decida salientar e o xeito de enmarcar os problemas, o grado de suceso en contribuír a por fin á recesión de maneira máis rápida e menos dolorosa, a maneira en que poda traballar co Congreso, e o grado en que saiba presentar as súas solucións ao pobo estadounidense. Non hai dúbida de que o presidente herdou un conxunto de problemas moito maior do que calquera outro presidente desde hai moitas décadas. Pasemos agora a analizar o seu estilo de liderado e logo aos problemas e á maneira en que os enfrenta.

Estilo de liderado e transparencia do goberno

O Presidente Bush levou consigo unha certa formalidade á Casa Branca ao insistir, por exemplo, en que os homes tiveran que levar chaqueta e gravata en todo momento cando estiveran na Oficina Oval. O Presidente Bush insistía en que os seus axudantes acudiran a súa oficina e que se lle filtrara a información. Por riba de todo, o Presidente Bush esixía e recompensaba a lealdade e foi un dos presidentes máis secretosivos que se lembran.

En contraste, o Presidente Obama é moito menos formal, xa que permite que o fotógrafo, por exemplo, sen chaqueta na Oficina Oval no seu primeiro día de mandato, síntoma, quizais, de máis cambios. Percorre a Casa Branca, entrando nas oficinas dos seus axudantes, visitando un refuxio para adolescentes sen fogar, ou visitando restaurantes de comida rápida na hora do almorzo e esperando que lle chegue a vez como os demais clientes. O Presidente Obama tamén esixe un nivel de transparencia non coñecido na administración Bush, ao colocar na páxina web da Casa Branca, por exemplo, como están gastando as administracións estatais ou locais diñeiro federal para estimular a economía. Ten convidado aos cidadáns a que entren na páxina web para manter a honradez do goberno. Esas medidas parece que son ben recibidas polo pobo dos EE.UU., malia a gravidade da presente recesión. As enquisas públicas demostran que o pobo ten altos niveis de confianza no seu liderado⁽³⁾.

Para estar seguro de non perder o contacto co pobo estadounidense, o Presidente Obama le cada día 10 cartas que lle remiten os cidadáns. Mike Kelleher, o axudante que selecciona as cartas, di que escolle “*mensaxes sorprendentes. Cousas que a xente din e que, cando un as le, arrepián*”. David Axelroy, asesor superior do Presidente Obama, sinala: “*Lémbrome dunha vez que el estaba particularmente calado e pregunteille que pensaba, e díxome, “estas cartas deixan a un desfeito”. Tiña recibido unha emocionante carta dunha familia en mala situación*”⁽⁴⁾.

Por último, o Presidente Obama é pragmático. A diferenza do Presidente Bush, cuxa política baseábase case exclusivamente na súa ideoloxía conservadora – de cote desprezando ou refugando consellos científicos, as mellores prácticas ou case calquera solución contraria ás súas crenzas – o Presidente Obama tende a reunir a información pertinente, estudar a cuestión e determinar que opcións normativas son politicamente posibles.

O programa do Presidente Obama é certamente ambicioso, mais non tenta de reescribir dun día para outro o contrato social e económico. Máis ben, vai engadindo medidas ou programas máis pequenos a metas máis importantes. Por exemplo, afirma que o seu programa de reforma dos servizos de saúde non só proporcionarán seguro de saúde aos non asegurados, senón que tamén reducirá os custos que os servizos de

(3) NAGOURNEY, Adam e THEE-BRENAN, Megan: “Outlook on Economy is Brightening, Poll Finds”, *The New York Times*, Vol 158, Nº 54.638, 7 de abril de 2009, páxs. A1, A19.

(4) PARKER, Ashley: “Picking letters, 10 a Day, That Reach the President”, *The New York Times*, Vol. 158, Nº 54.651, 20 de abril de 2009, páx. A14.

saúde representan para as persoas, as empresas e o Estado, polo que as empresas dos EE.UU. serán máis competitivas, rebaixará a crise fiscal de Washington, e permitirá que os traballadores podan dispor de máis diñeiro da súa paga. Mellorar a educación non só incrementará o capital humano do país, senón que tamén mellorará as oportunidades de facer que medre a produtividade. Os proxectos de enerxía alternativa non só reducirán a dependencia cara as importacións de petróleo, que en boa parte procede do Oriente Medio, senón que tamén fomentarán a innovación, que fará mellorar a produtividade e a riqueza dos EE.UU., e será máis respectuosa co medio ambiente.

Como xa temos falado do programa de reforma dos servizos de saúde, pase-mos a outras das máximas prioridades do Presidente Obama: a educación, as enerxías alternativas, o medio ambiente, a reforma do código fiscal e, naturalmente, o problema de maior vulto: a presente recesión económica. Comecemos polo código fiscal.

O código fiscal

Aínda que a realización de aforros coa reforma dos servizos de saúde e o incremento da renda das clases medias mellorando o acceso á educación universitaria sexan obxectivos a longo prazo, a reforma do código fiscal pode ter efectos máis rápidos. De acordo coas propostas do Presidente Obama, o sistema impositivo será máis progresivo, de xeito que os ricos pagarán máis ao fisco e os pobres e a clase media pagarán relativamente menos. As propostas prevén un incremento impositivo anual de 100.000 millóns de dólares (75.000 millóns de euros) aplicado aos ricos, quer dicir, a persoas que gañen máis de 200.000 dólares ao ano (uns 190.000 euros), con efecto a partir de 2011, unha vez superada a recesión, e unha redución fiscal de 50.000 millóns de dólares (arredor de 38.000 millóns de euros) aplicable ao resto dos cidadáns.

Política educativa

Entre as súas principais prioridades no plano interno, o presidente dispón da menor influencia no eido educativo. A razón é moi sinxela: a educación primaria e secundaria nos EE.UU. está en mans das administracións locais, con orientación do goberno de cada estado. A maior parte do diñeiro que gastan as xuntas locais de educación procede de impostos sobre a propiedade, normalmente impostos sobre a venda e as terras, xunto con algúns recursos que aportan as lexislaturas dos estados. En comparación, o monto de diñeiro que aporta o goberno federal é moi pequeno, normalmente arredor do 3% ou 5% do total desde os xardíns de infancia ata os orzamentos do ensino secundario. O Presidente Obama aspira a elevar o límite do número de escolas “con contrato” (*equivalente, máis ou menos, ás “escolas concertadas”, en España, N.do T.*), que polo xeral non están tan regulamentadas polas xuntas locais,

xunto con melloras na educación de párvulos, que depende de iniciativas das xuntas locais de educación.

Consciente de que para introducir cambios nas actividades educativas do país o presidente ten que facilitar recursos para financiar as súas iniciativas, e convencido de que a educación desde o xardín de infancia ata a universidade estivo infrafinanciada pola administración Bush, o proxecto de lei de estímulo económico presentado polo Presidente Obama achegará 100.000 millóns de dólares a escolas públicas e universidades. Parte dese diñeiro vaise adicar, por exemplo, a aumentar o número de estudantes universitarios aptos para obter subsidios e incrementar a contía deses subsidios.

Protección ambiental e investigacións sobre enerxías alternativas

O Presidente Obama – que de cote vencella a protección ambiental coa investigación sobre enerxías alternativas - contratou un físico Premio Nobel, Steven Chu, como xefe do Departamento de Enerxía, está promovendo as enerxías eólica, solar, xeotérmica e outras enerxías renovables – chegando a dotar con 79.000 millóns de dólares (59.000 millóns de euros) o seu paquete de estímulos – e anunciou que o Departamento do Interior comezará a ceder en aluguer augas de propiedade federal para a produción de electricidade procedente de xeradores eólicos, de olas e de mareas. Prefire un sistema de *cap-and-trade* (fixación de límites máximos e mínimos e intercambio dos dereitos de emisión) tanto para limitar as emisións de gases de efecto invernadoiro, en particular dióxido de carbono, como para fomentar a innovación tecnolóxica en enerxías alternativas. Ten establecido un ambicioso obxectivo de reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro nun 14% desde os niveis de 2005 antes do 2020 e unha redución do 83% antes de 2050. Por último, o seu orzamento propón incrementar un 40% este ano os gastos no Departamento de Enerxía, primordialmente para as investigacións sobre enerxías alternativas, e incrementar un 34% para 2010 o orzamento da Axencia de Protección Ambiental.

Aínda que o Presidente gustaría de establecer un sistema de fixación de límites máximos e mínimos antes da Conferencia das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático, cuxa inauguración está prevista para o 7 de decembro en Copenhague, vai ter que enfrontar resistencias diversas. En particular, coo diminuír a volatilidade dos mercados de carbono. O mercado europeo, por exemplo, ten visto a fluctuación entre 10€ e 30€ por tonelada métrica das contrapartidas das emisións de carbono. As empresas dos EE.UU., preocupadas pola posibilidade de que un sistema de fixación incremente os custos, piden subsidios. O Paterson Institute for International Economics e o World Resources Institute estiman que os subsidios poderían aumentar o prezo das contrapartidas das emisións de carbono ata 137 dólares (uns 100€) por tonelada métrica. E, naturalmente, canto máis caro sexa o programa menos apoio terá probablemente de votantes e empresas.

A recesión económica

O Goberno federal afirma que a economía dos EE.UU. estase contraendo a un ritmo moito maior que en calquera momento dos 50 anos últimos. As orixes da crise son ben coñecidas, mais compre pasarlles revista. Os grupos de presión da banca pagaron a membros do Congreso 300 millóns de dólares entre 1989 e 1999 nunha exitosa operación para derogar a Lei Glass-Steagall, unha norma de 1933 que prohibía que os bancos emprenderan actividades non bancarias como son as de subscribir accións e bonos.

A Reserva Federal, que é a banca central do país, contribuíu aos problemas mantendo baixos tipos de interese, en parte para que a xente comprase a súa propia vivenda. A peza final do *puzzle* foi a que engadiu o Presidente Bush cando en 2004 promoveu lexislación para desregular a banca de inversión, abrindo así unha era de concesión de hipotecas sen pago inicial e sen documentación que garante que o prestatario podería devolver o diñeiro. Esas hipotecas de risco mesturándose con centos de outras hipotecas, logo foron vendidas como investimentos seguros a fondos de pensións, inversores privados e bancos, entre outros.

Esas medidas contribuíron a crearen a tormenta perfecta. Como os tipos de interese se mantiveron baixos, a compra dunha vivenda pareceulles máis fácil a moitos estadounidenses. Como os tipos baixos de interese alentaron a moitos cidadáns a mercaren casas, esa maior demanda provocou rápidos incrementos dos prezos. Moita xente comprou casas moito máis caras do que podían permitirse, de cote con hipotecas de tipo variable que polo xeral atraían a compradores mediante tipos de interese iniciais baixos que, frecuentemente, se reestruturaban a tipos moito máis elevados ao cabo de poucos anos.

Moitos estadounidenses partiron do suposto de que o prezo da súa vivenda seguiría aumentando, creando así un capital non gañado que logo poderían utilizar para refinanciar a súa hipoteca a un tipo de interese máis baixo. Da mesma maneira, os prestamistas deron por suposto que os empréstitos inmobiliarios tiñan pouco risco e mantiñan, en cambio, un potencial de grandes beneficios. Naturalmente, a cotío as burbullas rematan inevitablemente estoupando.

Cando estoupou a burbulla inmobiliaria nos EE.UU., moitos cidadáns quedaron con hipotecas que non podían pagar, e así moitos simplemente abandonaron a súa casa. Unha característica inusual do mercado hipotecario estadounidense é a de que os hipotecados poden simplemente botar as chaves no buzón da correspondencia e deixar a casa sen que vaian sufrir ningunha sanción, agás o mal antecedente no seu historial crediticio. Son moitos os que fixeron iso.

Os bancos, e as compañías aseguradoras que contratan hipotecas, sufriron fortes perdas. Os bancos levan loitando por recuperar as perdas e, como é comprensible, son renuentes a prestaren diñeiro a persoas ou empresas. Sen préstamos, moitas empresas non poden comprar materias primas que precisan para atender os pedidos que xa tiñan en carteira ou pagar as nóminas mentres esperan a que os seus

clientes paguen as contas. As persoas individuais non poden obter préstamos para compras de importancia como casas ou autos. Ao baixaren as vendas, moitas empresas despiden traballadores. Mesmo os que teñen traballo desconfían de que os seus postos sigan existindo nun futuro próximo, polo que son renuentes a faceren compras innecesarias, co resultado de que as empresas despiden a máis traballadores, e así provócase unha espiral descendente.

O colapso dos negocios inmobiliarios e financeiros fíxose sentir en toda a economía e provocou innumerables problemas. Perdéronse máis de 2 millóns de empregos durante o primeiro trimestre de 2009, e a taxa de desemprego no mes de abril deste ano chegaba ao 8,9%, ao tempo que a produción no cuarto trimestre de 2008 caeu a unha taxa anual do 6,3% e continuou caendo a unha taxa anual do 6,1% no primeiro trimestre de 2009.

A reacción do Presidente Obama é múltiple, ao proporcionar diñeiro para estimular a economía, recursos para proxectos como as investigacións sobre enerxías alternativas e educación, o rescate de determinadas actividades produtivas como a banca ou a manufactura de automóbiles, e a procura de regulamentar novamente a industria financeira.

O Presidente Obama considera que, como empresas e consumidores non gastan diñeiro, a mellor opción é que o goberno federal estimule a economía mediante un masivo programa de gastos, opinión que os republicanos non comparten. O Presidente Obama acadou que o Congreso aprobara en febreiro un paquete de estímulos económicos por valor de 787.000 millóns de dólares (590.000 millóns de euros). O proxecto de lei, que obtivo os votos de só tres dos 41 senadores republicanos e ningún dos 176 congresistas desde partido da Cámara de Representantes, establece una mestura de estímulos a curto prazo, como axuda aos estados e unha rebaixa de impostos que os traballadores de clase media xa ven nas súas pagas, xunto con diñeiro para proxectos a longo prazo, como reparacións e expansión de infraestruturas.

Unha das compras importantes que os estadounidenses non están facendo é o automóbil. Dúas das tres principais empresas automobilísticas dos EE.UU., General Motors e Chrysler, parecían estar ao borde da creba a primeiros meses de 2009, posibilidade que fixo que moitos políticos temeran as repercusións políticas que tería a existencia de centos de milleiros de traballadores en paro. Tamén o Presidente Obama dixo ter o mesmo medo, mais afirmou que non ía malgastar “diñeiro bo” a cambio de “diñeiro ruín” para rescatar unha empresa non viable.

A últimos de marzo, despois de que General Motors obtivera 30.000 millóns de dólares en préstamos do goberno, o Presidente Obama deu un prazo de 60 días á empresa para cambiar o seu modelo comercial. En vista de que non se avanzaba debidamente, o presidente botou ao xefe de General Motors a finas de abril e obrigou á Chrysler a encetar conversas de fusión con Fiat. Cando se escribe o presente artigo, a mediados de maio, é aínda cedo de máis para dicir o que vai acontecer con General Motors e Chrysler – as dúas empresas veñen de anunciar que pechan case 2.000 concesionarios – pero é evidente que ningún presidente de que se

teña memoria ten actuado tan decididamente con empresas estadounidenses como o Presidente Obama.

A vivenda, unha das orixes principais da recesión, sigue sendo un problema. As vendas de casas construídas baixaron un 6,8% no primeiro trimestre de 2009 en comparación co primeiro trimestre de 2008, malia ter caído un 14% no mesmo período o prezo medio dunha casa⁽⁵⁾. O portal de Internet da inmobiliaria zillow.com informa que, no primeiro trimestre de 2009, o 21,9% de propietarios de vivendas debían máis polas súas hipotecas que o valor das súas propiedades, situación que usualmente se denomina estar “debaixo da auga”, e un indicador clave dun eventual embargo. Iso representa un 14,3% máis que no terceiro trimestre de 2008 e un 17,6% máis que no cuarto trimestre dese ano. Realty Trac, unha páxina web na que se enumeran propiedades embargadas postas á venda, informa de que en abril de 2009 se rexistraron 342.000 embargos, cifra un 32% superior á rexistrada no precedente abril, ao tempo que Moody’s Investors Service calcula que no presente ano perderán as súas casas 2,1 millóns de propietarios polo menos⁽⁶⁾.

O plan do Presidente Obama ten dúas ramas. Primeiro, con vistas a fomentar a compra de vivenda, o seu paquete de estímulo económico ofrece aos compradores de casas un crédito fiscal de 8.000 dólares (6.000€), que se pode empregar mesmo como pago inicial. Como unha proporción importante de calquera crédito fiscal ou desconto fiscal se retén como aforro, en lugar de gastala, os economistas polo xeral coinciden en que as reducións de impostos non son o método máis eficiente para estimular o gasto dos consumidores. Non obstante, ese crédito fiscal é de natureza diferente, pois que, para ter dereito a recibilo, o consumidor ten que adicalo á compra dun ben de alto valor.

A segunda rama do plan presidencial, que está con efectos desde final de abril, ten por obxectivo axudar a compradores de vivenda que corren perigo de bancarrota ao lles reducir a cota mensual da hipoteca ata un máximo do 31% da súa renda bruta, utilizando algunha combinación de prórroga da vida do préstamo ou mediante a redución do tipo de interese.

Independentemente de como o presidente acade alentar á xente a compraren casas ou autos, lograr que a industria financeira volva a funcionar é un paso necesario para a adquisición deses bens de alto valor e para que as empresas poidan financiar as súas compras de materias primas e existencias e para pagar as nóminas. A administración Obama e a Reserva Federal teñen comprometidos 2,5 billóns de dólares (1,9 billóns de euros aproximadamente) de fondos privados e públicos para rescatar os bancos. A Reserva Federal anunciou que aportará 1 billón máis (750.000 millóns de euros) que empregará para comprar valores hipotecarios e bonos do Tesouro. Iso vense engadir aos miles de millóns de dólares que o Presidente Bush gastou ou comprometeu para os mesmos fins.

(5) HOWLEY, Kathleen: “Home Prices in U.S. Drop Most on Record in Quarter”, Bloomberg.com. consultado ás 13:05 horas do 12 de maio de 2009.

(6) BERNARD, Tara Siegel: “Slow Start to U.S. Plan for Modifying Mortgages”, *The New York Times*, Vol. 158, Nº 54.675, 14 de maio de 2009, páx. B1.

Non obstante, o Presidente Obama establece condicións máis estritas que o Presidente Bush para obter e gastar o diñeiro. Por exemplo, o Presidente Obama fixou límites para a compensación a executivos nun máximo de 500.000 dólares (380.000€) por ano, e restrinxe os bonos en bancos que teñan recibido diñeiro do Programa para axuda contra os activos tóxicos, despois de que os banqueiros se concederan a si mesmos 18.400 millóns (13.800 millóns de euros) en bonos a primeiros de ano⁽⁷⁾. A administración, que ten moito coidado de non empregar a palabra “nacionalización”, adiantou, non obstante, a idea de converter en accións os préstamos outorgados aos bancos e compañías de seguros. Din no goberno que ese plan incrementaría o capital de que dispoñen os bancos, mais tamén convertería ao Estado nun importante accionista.

O goberno anunciou hai pouco tempo que estaba en negociacións con Citigroup para converter en accións os préstamos de 45.000 millóns de dólares que lle facilitara, e con iso a participación do Estado no capital do banco ascendería, quizais, ata o 40%. O novo presidente prometeu una regulamentación máis estrita da banca, cambios que aínda están por vir.

Conclusión

Consideradas en conxunto, as medidas e propostas do Presidente Obama son os primeiros movementos na tarefa de reescribir o contrato entre o pobo estadounidense e o seu goberno nacional, dando maior énfase a proporcionar acceso asequible a máis xente ó ensino universitario, proporcionar un mellor acceso aos servizos de saúde, facer a transición da economía dos EE.UU. cara unha base ambientalmente máis sostible, ao tempo que se pide ós ricos que financien os cambios.

O Presidente Obama terá que botar man de todo o capital político de que poda dispor, de todo o seu encanto e habilidades de persuasión, e con algo máis que un pouco de sorte para convencer ao pobo estadounidense, republicanos e demócratas, empresarios, e ó Congreso, de que os seus plans, mesmo sendo caros, valen o diñeiro que custan e farán que os EE.UU sexa un mellor lugar para vivir e traballar. A tarefa é monumental e os riscos relativos grandes, mais se o Presidente Obama ten éxito, os EE.UU serán un lugar diferente.

Alan Arwine é profesor na Texas Tech University, onde imparte aulas de American Public Policy and International Politics.

Tradución de Ramón LUGRÍS

(7) STOLBERG, Sheryk Gay e LABATON, Stephen: “Banker Bonuses Are ‘Shameful’, Obama Declares”, *The New York Times*, Vol. 158, Nº 54.571, 30 de xaneiro de 2009, páxs. A1, A16

ANUARIO INTERNACIONAL CIDOB 2009

CONTENIDO

COYUNTURA INTERNACIONAL
EUROPA
RELACIONES EXTERIORES
DE ESPAÑA
ESTADOS UNIDOS DE AMÉRICA,
PERFIL DE PAÍS

ARTÍCULOS

ALYSON J.K. BAILES
JAVIER SANTISO
PIOTR MACIEJ KACZY_SKI
KAREN SMITH
IVAN KRSTEV
JOSEP A. DURAN I LLEIDA
PATROCINIO TELLO
CORAL GARCIA
BRUCE JENTLESON
ADRIAN BASORA
CHARLES POWELL

Claves para interpretar la Política Exterior Española y las Relaciones Internacionales en 2009
Perfil de país: Estados Unidos de América

COYUNTURA INTERNACIONAL

Política internacional, de seguridad y medio ambiente
Indicadores mundiales
Cooperación al desarrollo, ayuda humanitaria

EUROPA

Acción exterior de la UE
Inmigración y asilo en la UE
Energía y medio ambiente en la UE
Presupuestos de la UE
Comunidad de Estados Independientes

RELACIONES EXTERIORES DE ESPAÑA

Política exterior
Relaciones económicas exteriores
Cooperación internacional

ESTADOS UNIDOS DE AMÉRICA, PERFIL DE PAÍS

Sistema político y estructura de estado
Biografías de los principales líderes políticos de la Administración Obama
Cronología histórica de Estados Unidos de América
La política exterior de Estados Unidos de América
Estrategia de defensa y seguridad de Estados Unidos desde la Segunda Guerra Mundial
Indicadores económicos y sociales de Estados Unidos de América
Migraciones en Estados Unidos de América